



RÍO ARNOIA

DO REXO A XUNQUEIRA DE AMBÍA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 6 km
Dificultade: baixa
Duración: 3 horas



Unha camiñada de 6 km (circular ou de ida e volta) para percorrer un tramo duns 3 km do río Arnoia por un carreiro dentro dun fermoso bosque de ribeira que se pode completar con ver polo miúdo, no espazo do Rexo, a obra do artista vasco Agustín Ibarrola, os enxenos e os pasais que hai ao longo do percorrido e facer unha visita á vila e a colexiata románica de Xunqueira de Ambía.


Área de lecer do Rexo



Pontella no Rexo



"Ponte romana" en Xunqueira de Ambía




PERCORRIDO

Desde o Rexo, pola beira do río, seguindo o carreiro dos pescadores ou o que hai polo valado da condución da auga a antiga central, chegamos ata a presa de captación. Aquí atopámonos co punto máis complicado de todo o traxecto (superar, por un gabeadoiro, un saínte rochoso e volver logo á beira do río) e máis adiante, se estamos en época de choiva, un pequeno lameiro. Pouco despois chegamos a un punto onde o carreiro, que segue a ser estreito, xa está sinalizado e acondicionado para converterse en camiño cando chegamos a unha edificación (central ou muíño?) e seguindo por el acadamos a área de lecer do Veiro e a ponte medieval coñecida como a ponte romana onde damos por finalizado o traxecto de ida. Para a volta temos varias opcións: a primeira é volver polo mesmo camiño da ida; unha segunda opción é facer unha primeira parte polo camiño da ida e logo, seguindo os sinais indicadores de ruta, desviarnos para subir por un camiño con bastante costa que, polo medio dun bosque de carballos, nos leva á parte alta do val onde se xunta co antigo camiño de Allariz a Xunqueira de Ambía que logo, despois de achegarse á estrada, baixa para deixarnos no aparcamento do Rexo co que completamos o circuito; e a terceira, máis completa pero non máis longa, é subir á vila de Xunqueira (podemos facelo pola estrada ou collendo o primeiro desvío que sae dela, á dereita, que pasa a carón do campo de fútbol e déixanos no medio da vila – non aforra distancia pero evitamos camiñar pola beira da estrada-) dar unha voltiña, visitar a colexiata e logo coller a estrada de Allariz pero, se nos fixamos, alí mesmo, no seu arranque, hai un panel informativo da ruta que nos guía polo antigo camiño de Xunqueira de Ambía a Allariz e que nos leva ata o Rexo. Se temos máis gañas de andar podemos ir desde o Rexo ata a acea de Meire (1 km pola beira do río) e desde alí con tres quilómetros máis podemos poñer no centro de Allariz.



Un punto da ruta



As árbores espéllanse no atranco do muíño (Xunqueira de Ambía)




Atranco da acea de Meire



O Rexo



Presa da central do Rexo



Muíño no linde entre Allariz e Xunqueira de Ambía



Atranco dun muíño en Xunqueira de Ambía



O Arnoia en Xunqueira de Ambía



Pontella e atranco na área de lecer do Veiro (Xunqueira de Ambía)



Narcissus triandrus



Ra patilonga



Castiñeiro duns 6 m de perímetro en Desder (Requeixo de Valverde)



Carballo de 3,80 m de perímetro ao pé dun muíño, no linde entre Allariz e Xunqueira de Ambía.



Amieira no Rexo

Ecoespazo do Rexo

Un lugar que armoniza natureza, tecnoloxía, etnografía e arte, nun recuncho do río Arnoia na parroquia de Requeixo de Valverde (Allariz) e incluído na Reserva da Biosfera "Área de Allariz"

O Ecoespazo do Rexo é unha icona cultural e de exemplo de desenvolvemento sostible que fai compatibles o goce do medio natural, as actividades económicas e a contemplación de obras artísticas. Na mesma contorna intégranse unha minihidráulica, unha queixaría, unha granxa escola, un centro de educación ambiental (que poden ser visitadas), e unha intervención artística que aproveita elementos da natureza.

O proxecto está patrocinado pola Fundación *Ramón González Ferreiro* e o Concello de Allariz.

A intervención artística é obra de Agustín Ibarrola. Pinturas e esculturas armonizan co medio natural e achégannos unha nova mirada. Natureza e arte fúndense ata conseguir crear unha nova realidade diferente e estimulante. A pedra, a madeira, a auga e a terra combínanse para crear unha paisaxe que nos encanta e que vai cambiando seguindo as horas do día, as estacións ou a meteoroloxía. Unha fileira de rochas disposta de xeito irregular e de tamaños, formas e aspectos variables. Son pezas de pedra de gran ou lousa reutilizadas de canteiras de distintos puntos de Galiza (unhas 600 toneladas de pedra) que serven de soporte ás pinturas de motivos xeométricos ou elementos naturais. A intervención inclúe tamén pinturas sobre os toros dalgúns árbores que aumentan o impacto visual ao seren reflectidas nas augas calmas encoradas na vella presa do muíño. No traballo artístico colaboraron membros do taller de divulgación "*Renovart los espacios*" de Vigo e alumnado das facultades de Belas Artes españolas, empregando pinturas biodegradables, que se van deteriorando de xeito natural co paso do tempo. Foi inaugurado a noite de San Xoán de 1999.

